

ANGEL'S EGG

Mamoru Oshii, 1985

1699

ESTREA EN NUMAX: 13.03.2020 | V.O.S.E. | +12 | 71 min

Nunha cidade mergullada, unha nena coida un grande ovo entre os seus brazos, convencida de que pertence a un anxo. Un rapaz aparece cun enigmático artefacto ao ombreiro en busca dunha ave que viu en soños. Un día, no silencio da noite, o rapaz esmaga o ovo.



A sutileza narrativa

Sen dúbida, hai algo nos mundos de Mamoru Oshii que nos atrapa e que nos envolve nunha atmosfera de misterio, nostalxia e tristura. *Patlabor*, *Ghost in the Shell* ou “Jin-Roh” (manga) sitúannos nuns espazos distópicos, fríos e carentes de humanidade. A influencia deste cinema comezaría cunha das súas primeiras obras, *Angel's Egg* de 1985, a película que asentaría as bases das súas seguintes obras e que definiría o seu marcado e distintivo estilo persoal.

Angel's Egg é unha estraña e complexa obra que nos sitúa nun futuro postapocalíptico abandonado e sen vida. Preséntasenos a unha nena que vaga sen rumbo mentres custodia un ovo. Un home cunha estraña arma, ou artefacto, que carga sobre os seus ombreiros empeza a seguila alá onde vaia. Non pode ou son incapaz de evitar establecer algunhas comparacións co xogo de Hidetaka Miyazaki, *Dark Souls*. A construción dos seus mundos é moi parecida, ambos son meros recordos do que unha vez foron. A nena e o misterioso mozo percorren os vestixios dunha antiga civilización, dunha era pasada. Polo camiño, só atoparán prazas e rúas baleiras, locais asaltados e desordenados, árbores petrificadas e un estraño grupo de persoas que tentan cazar mediante arpóns as sombras duns peixes. Algo que lembra tamén a “Blame”, manga de Tsutomu Nihei.

O mozo fala de que quizais eles mesmos eran tamén meros recordos da xente do pasado. Hai unha liña entre o onírico e a realidade, os recordos parecen que se materializan e vagan sen rumbo nun desolador e gris mundo. Son persoas sen nome, non saben de onde veñen nin onde van, son como vestixios duns recordos.

Por como protexe e esconde o ovo a nena, supoñemos que alberga no seu interior algo de gran importancia. Poida que simplemente se aferre a el porque é o único cargado de esperanza que queda. É unha atmosfera desde a que se respira a nostalxia e o esquecemento dunha antiga sociedade. Que pasou? Como se chegou a esa situación? Que é este mundo? Son numerosas as incógnitas que nos lanza Oshii. Convidáanos á reflexión a través da observación da contorna, como faría posteriormente o xogo de Miyazaki. É unha narración minimalista, apenas hai diálogos, só podemos supoñer ou imaxinar a historia e os acontecementos que ocorreron neste mundo a través da observación. Un mundo caótico e grotesco, cargado de simbolismo e de complexas metáforas moi relacionadas co cristianismo e a relixión —os peixes, a arma en forma de cruz ou a figura do paxaro—.

Angel's Egg é unha auténtica experiencia para o deleite de todos os sentidos. Unha película bela, estraña, hipnótica e atrapante. A beleza deste mundo preséntasenos mediante a tristeza e a melancolía dos escenarios, perfectamente harmonizado e ambientado coa fabulosa música de Yoshihiro Kann. Non é unha película á que debamos atoparlle o sentido a todas as incógnitas, só debemos deixarnos levar e mergullarnos neste estraño e surrealista mundo que nos presenta Oshii. *Angel's Egg* convidáanos a quedarnos para que gocemos desta peculiar experiencia narrativa.